



Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18  
15110 Ponteceso (A Coruña)

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 236/2012, DO 13 DE AGOSTO, DE APROBACIÓN DE BASES PARA CONTRATAR 4 OPERARIOS PARA SERVIZO DE PRONTO AUXILIO ( PLAN DE COOPERACIÓN LOCAL 2012)

### ANTECEDENTES

A Xunta de Galicia a través da Consellería de Traballo e Benestar subvenciona a este Concello a contratación de 4 traballadores desempregados para a realización da obra ou servizo denominado "Servizo de Pronto Auxilio" por importe de 31.240,00€ ( custo salarial + cotización empresarial á seguridade social) ( Expt- TR351A 2012/269-1)

### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido do Estatuto dos traballadores.
- Real decreto 2720/1998, do 18 de decembro, de desenvolvemento dos contratos de duración determinada.
- Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público.
- Artigo 235 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Artigo 103 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.
- Artigo 177 do Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, de aprobación do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.

Son competente para resolver, de conformidade co que dispón o artigo 21.g) da lei 7/1985, do 2 de abril, (modificada polo Lei 11/1999, do 21 de abril), e o artigo 41.14 do Real decreto 25686/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. .

Por todo o anterior, RESOLVO:

1 Aprobar as bases que rexerán a convocatoria para a contratación laboral temporal de 4 traballadores desempregados para a realización da obra ou servizo denominado "Servizo de Pronto Auxilio" por importe de 31.240,00€ ( custo salarial + cotización empresarial á seguridade social) ( Expt- TR351A 2012/269-1)

. As bases aparecen como anexo deste acordo.

2 Autorizar o gasto con cargo as partidas correspondentes do vixente orzamento municipal e proceder á correspondente retención de crédito, para afrontar os custos dese persoal.

Ponteceso, 13/08/2012  
O ALCALDE

José Luis Fondo Aguiar







Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## CONCELLO DE PONTECESO

r/ Concello, 18  
15110 Pontevedra (A Coruña)

### BASES PARA CONTRATAR 4 OPERARIOS PARA A OBRA/SERVIZO "PRONTO AUXILIO"

#### 1 Obxecto da convocatoria:

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal, a tempo completo, baixo a modalidade por obra ou servizo determinado, polo período de cinco meses, de catro prazas de operarios para o Servizo de Pronto Auxilio. O soldo é de 1133,53€brutos/ mes incluíndo a proporción da paga extra.

#### 2 Tipo e duración do contrato:

O contrato será de duración determinada, para realizar a obra ou servizo determinado, de conformidade co artigo 2 do Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, sendo a duración do contrato de cinco meses.

A xornada laboral será a tempo completo con horario de 40 horas semanais

#### 3 Requisitos dos aspirantes:

Serán requisitos dos aspirantes a esta contratación:

- 1 Ter cumpridos os 16 anos de idade
- 2 Ter a nacionalidade española, ser nacional da Unión Europea ou dun país con tratado internacional, segundo o que dispón o artigo 57.3 do Estatuto Básico
- 3 Estar en posesión do título de graduado escolar.
- 4 Estar en posesión do carnet de conducir clase C
- 5 Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional ou doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

#### 4 Presentación de solicitudes

Aprobadas estas bases por Resolución do órgano competente publicaranse na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios.

Solicitarase igualmente una oferta de emprego ao INEM.

Una vez que a oficina do INEM remita a relación de candidatos que se axustan ao perfil, avisarase polo responsable do expediente (debedo quedar debidamente acreditado) a todos os candidatos propostos para convocalos a unha entrevista curricular solicitándolles que aporten toda a documentación que desexen que lles sexa valorada de conformidade co disposto na fase de concurso. O prazo para presentar a documentación será de cinco días naturais, dende a comunicación do responsable do expediente, no Rexistro Xeral, de 9 a 13:30h, conforme o 38.4 da Lei 30/1992

Os candidatos deberán acudir á entrevista co seu DNI e serán chamados por orde alfabético.


#### 5 Tribunal cualificador das probas:

1 O tribunal cualificador designado pola alcaldía, estará integrado polos seguintes membros:

Presidenta: O técnico local de emprego ou o/a funcionario/a ou persoal laboral no/a que delegue

Secretaria (con voz e sen voto): a tradutora do concello ou o/a funcionario/a ou persoal laboral no/a que delegue

Vogais: funcionario administrativo do Concello ou en quen delegue.







Tel.: 981 71 40 00  
Fax: 981 71 50 28  
E-mail: concello@ponteceso.net  
www.ponteceso.net  
CIF: P1506900H  
REL. : 01150682  
RELG.: MU 2000/15

## **CONCELLO DE PONTECESO**

r/ Concello, 18

15110 Ponteceso (A Coruña)

2 O tribunal non poderá constituirse, nin actuar sen a presenza, de todos os seus membros

De todas as reunións que faga o tribunal o secretario redactará acta .

3 Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranos á autoridade convocante cando concorran algunha das circunstancias prevista no artigo 28.2 de Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas. Os aspirantes poderán recusar ós membros do tribunal cando concorran aquelas circunstancias.

4 O tribunal resolverá todas as dúbidas que xurdan na aplicación das presentes bases así como nos casos non previstos nelas.

5 O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ó de prazas convocadas, aínda que co resto de solicitantes non seleccionados se establecerá unha orde para cubri-las posibles vacantes que poideran producirse, só válido para a presente campaña.

6 O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

### **6 Selección:**

#### **Fase de concurso:**

Nesta fase avaliaranse os méritos alegados polos/as aspirantes no momento de presentar a súa instancia para tomar parte neste proceso selectivo, tendo en conta o seguinte baremo:

#### **Formación:**

Valoraranse cursos de formación relacionados coa materia: 0,20 puntos por curso ata un máximo de 2 puntos.

Non se valorarán xornadas, nin simposios.

#### **Experiencia profesional**

Por cada mes de servizo prestado como operario de servizo de pronto auxilio ou similar na Administración Pública ou empresa privada : 0,25 pto ata un máximo de 3 pto

Os servizos prestados acreditaranse con informe de vida laboral acompañado do contrato de traballo ou certificación de servizos prestados emitida pola Administración pública competente.

#### **Demandante de emprego**

Por cada mes de antigüidade como demandante de emprego: 0,10 pto por mes ata o máximo de 1,00 pto

#### **Entrevista**

Terá carácter curricular e servirá para buscar un perfil axeitado á actividade subvencionada.

Puntuación máxima: 3 puntos

### **7 Procedemento de selección:**

Rematada a cualificación dos aspirantes, o tribunal cualificador publicará no taboleiro de anuncios do concello a relación de todos os aspirantes coa puntuación final (que estará determinada pola suma dos puntos obtidos na fase do concurso e na entrevista. O tribunal elevará a correspondente proposta de contratación a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta.

No caso de empate na puntuación final darase preferencia aos/as candidatos/as que acadasen unha maior puntuación na fase de experiencia profesional. Se persiste o empate, decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

### **8 Presentación de documentos**

Cada unha/un das/dos aspirantes propostos presentarán na Secretaría do concello, no prazo de tres días naturais (contados a partir da publicación do resultado de selección), os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo.

